

Estimados compañeiros e compañeiras:

Hoxe aprobouse en Consello de Goberno a RPT tal e como se formulou: con todas as prazas reconvertidas en postos de funcionarios.

A devandita aprobación foi posible logo de recibir o tan esperado informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Xunta de Galicia.

No informe aclárase que para a Xunta é necesario facer unha consulta sobre a legalidade do proceso a dous órganos: a *Dirección Xeral de Función Pública da Xunta de Galicia* e a *Dirección General de Costes de Personal del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas*.

O seguinte trámite polo que terá que pasar este proceso será o informe da RPT por parte do Consello Social da Universidade, (a previsión é que sexa en marzo). Será outro momento en que haberá que seguir traballando desde os órganos de representación para sacar adiante dita aprobación.

En calquera caso, a aprobación da RPT por parte do Consello de Goberno, e o informe favorable da Xunta, aclaran en boa medida a situación da funcionarización. Neste escenario sería non só ilóxico, senón unha irresponsabilidade, convocar eleccións ao Comité de Empresa.

As persoas que somos parte actualmente do Comité de Empresa, dos sindicatos CIG, UGT, USO, e CC.OO, somos conscientes da situación de prórroga en que nos atopamos, así como de non poder contar coas persoas do sindicato CUT que dimitiron, mais logo de non poucas consultas a distintos departamentos xurídicos, así como á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, temos a intención de convocarnos para nomear presidente e secretario, e inmediatamente despois solicitar unha reunión coa Xerencia para tratar, vistos os acontecementos, o novo escenario no que nos atopamos con respecto á funcionarización, así como os asuntos de trámite que vaian xurdindo.

Ao longo da próxima semana manterémosvos informados de todos estes asuntos, en especial de todo o referente ao proceso de funcionarización.

A Coruña, a 28 de febreiro de 2013

